

COMUNICADO DE PRENSA **SOBRE SUBVENCIONS E** **INCOMPATIBILIDADES**

O CARBALLIÑO 27/3/17

A CONCELLEIRA DE IGUALDADE, PONSE EN EVIDENCIA COA XUSTIFICACION DADA LOGO DA DENUNCIA DO GRUPO POPULAR.

DEMOSTRA A INCOMPETENCIA TOTAL EN MATERIA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIONS, XA QUE NON ENTENDEN DE REQUISITOS NIN DE INCOMPATIBILIDADES, O CAL DERIVA EN PERDA TRAS PERDA DE SUBVENCIONS E RECURSOS PARA O CONCELLO DO CARBALLIÑO.

DO COMUNICADO FEITO POLO CONCELLO CONCLUIMOS QUE O DESPROPÓSITO É MAIOR, POIS ESTANSE PERDENDO SUBVENCIONS DE FORMA RIDÍCULA.

PONDO DE MANIFETO QUE O MOTIVO DAS PERDAS DE SUBVENCIONS OU BEN VEN SENDO POR OLVIDO E FALTA DE VONTADE OU BEN POR IGNORANCIA SOBRE REQUISITOS E COMPATIBILIDADES.

OBXETIVAMENTE ESTES SON OS DATOS CRONOLÓXICOS:

No ano 2015, e para o exercicio 2015:

A resolución de bases de subvención para BenOurense Infancia é de febreiro do 15, e a resolución de beneficiario do programa provincial é de maio do 15, nese caso O Carballiño figura como beneficiario.

A resolución de bases de subvención para programas de conciliación é de outubro do 15 e a resolución de beneficiarios é de decembro do 15 e Carballiño figura tamén como beneficiario.

Polo que se conclúe que o goberno do PP solicitou a que lle correspondía en tempo e forma antes de xuño e o actual goberno do PSOE, cando entrou a gobernar, foi o que solicitou ante a Xunta de Galicia (PARA O MESMO PROXECTO...), xa sabendo que ambas eran incompatibles e foi aí cando puido ter pedido subvención para outro proxecto de conciliación, como podía ser “Verans Divertidos” ou outra distinta potenciando actividades novas.

No ano 2016 , para o exercicio do 2016:

A resolución de bases de subvención para BenOurense Infancia é de febreiro do 16, e a resolución de beneficiario do programa provincial é de abril do 16, nese caso O Carballiño figura tamén como beneficiario.

A resolución de bases de subvención para programas de conciliación é setembro do 16 e a resolución de beneficiarios é de decembro do 16, e aquí O Carballiño xa non figura como adxudicatario pois non a solicitou.

Polo que se conclúe que o actual goberno xa no 2016, solicitou soamente a subvención de BenOurense infantil e non fixo solicitude algunha ante a Xunta de Galicia para conciliación deixando pasar a opción de beneficiarse para algún outro proxecto de conciliación. Ou chegado o caso facer ao revés, pedir á Deputación para “Verán Divertido” ou outras por desenvolverse, e pedir ante a Xunta para Bo día Familia.

En todo caso xa no 2016 decidíronse por acudir só a Deputación e non a Xunta para a subvención para conciliación.

No ano 2017 , para o exercicio do 2017:

A resolución de bases de subvención para BenOurense Infancia é de xaneiro do 16, e a resolución de beneficiario do programa provincial é de marzo do 16, nese caso O Carballiño xa non figura como beneficiario, feito denunciado días atrás polo PP.

A resolución de bases de subvención para programas de conciliación da Xunta de Galicia, será como todos os anos por setembro do 2017 e a resolución de beneficiarios será de decembro do 2017, e aquí O Carballiño está por ver que sexa ou non beneficiario e si se solicita ou non.

Polo que se conclúe que o actual goberno no 2017, xa non solicitou a subvención de BenOurense infantil, xusto o ano no que a Deputación puxo máis recursos económicos que nunca para repartir entre os concellos e non puido facer solicitude algunha ante a Xunta de Galicia para conciliación xa que aínda non se abriu o prazo para esa convocatoria.

Isto ven a demostrar que nos tres últimos exercicios o Partido Socialista do concello do Carballiño leva perdendo consecutivamente subvencións compatibles e recursos económicos para as arcas municipais.

Pedímoslle a concelleira de Benestar social, igualdade e sanidade, que lle dedique o mesmo tempo a tramitar subvencións que a intentar xustificarse cando non as solicita, e verá ela como pode facer mellores servizos e verá tamén como a oposición do Partido popular non se ve obrigada a denunciar.

E de novo recordamos que e o fundamento real desta situación xerada polo Partido Socialista só pode ser por esquecemento, desidia e incompetencia.